



Resumo de Noticias

4º Trimestre de 2016

OUTUBRO

EM SOLIDARIEDADE COM DETIDAS NA SALA YAGO

Convocam concentración diante dos xulgados de Compostela: 5/10 ás 09:00

O próximo 5 de outubro, ás 09:00, serán xulgadas en Compostela 12 persoas acusadas de ocuparem, en novembro de 2011, a emblemática Sala Yago de Compostela. Durante 6 días dezenas de activistas ocuparam o espazo para reclamar a súa recuperación para usos culturais, limpárono e organizárono actividades culturais abertas.

[Ler máis](#)

NO C.P. DE TEIXEIRO

EsCULcA presenta queixa à Defensora del Pueblo por restricción de dereitos a preso

EsCULcA presentou o pasado 3 de setembro escrito de queixa à Defensora del Pueblo pola situación en que se encontra M.A.C.P., interno no cárcere de Teixeiro, a quen a dirección do centro destinou a unha galería de réxime diferente ao que ten recoñecido, o que se traduce nunha restricción grave dos seus dereitos e do carácter rehabilitador da pena.

[Ler máis](#)

05/10 - 11:00 NAS PORTAS DA CORTE DE JUSTIÇA DE VIGO

Concentración em Vigo pede absolución de activista

Com ocasión da conclusión da Instrución do caso do mebo da Assembleia Aberta de Coia, Diego, far-se-á unha concentración na porta da corte de justiça, para facer pública a acusación a que se enfrenta o activista por contestar a obra megalómana através da qual Abel Caballero, Presidente da Cámara de Vigo, instalou un barco no centro da cidade.

[Ler máis](#)

MINISTERIO PÚBLICO E DENUNCIANTES

Absolvidos sindicalistas en Ourense por incomparecencia das acusacións

A incomparecencia da acusación, denunciante e ministerio público, no xuízo que estaba previsto celebrar o pasado 6 de outubro contra catro representantes sindicais da CIG, CCOO e UG (APC, EBR, RC, APJ) no xulgado de instrución núm. 1 de Ourense determina a sentenza absolutoria do delito leve polo que foran denunciadosos sindicalistas.

[Ler máis](#)

ADVIRTE A DEFENSA

Irregularidades na cadea de custodia de probas dos rexistros na Operación Jaro

Caixas e evidencias procedentes dos rexistros que na madrugada do 31/10/2015 decorreron nos domicilios dos 9 independentistas detidos na 'Operación Jaro' non cumpriron a cadea de custodia. Os actos e procedementos que garanten a autenticidade e integridades das probas non se seguiron ou seguíronse de maneira incorrecta, o que pode 'contaminarlas'.

[Ler máis](#)

A FISCALÍA DÁ CREDIBILIDADE A INVESTIGACIÓNS POLICIAIS

O xuíz non imputa os 5 ultras do Frente Atlético polo asasinato do siareiro Jimmy

A Fiscalía dá credibilidade ás investigacións policiais que sinalan como autores materiais do asasinato de Jimmy cinco ultras do Frente Atlético, mais o titular do Xulgado de Instrución núm. 20 de Madrid considera que as pesquisas se basean nun testemuño non fiable, o dunha testemuña menor de idade, e decide non imputar ningunha das 5 persoas acusadas pola fiscalía.

[Ler máis](#)

NO CENTRO DE INSERCIÓN SOCIAL DA CORUÑA

Demandan información sobre medida lesiva de dereitos de persoas presas

Con data de rexistro 7 de outubro, EsCULcA dirixiu escritos ao Centro de Inserción Social da Coruña e á Valedora do Pobo en que solicita información sobre unha orde intema emitida pola entidade relativa ás persoas que teñen prescrito tratamento de metadona de que tivo coñecemento o observatorio e que contraviría o estipulado no Regulamento Penitenciario

[Ler máis](#)

COMITÉ PARA A PREVENCIÓN DA TORTURA EUROPEO

Inspeccionan o cárcere de Teixeiro e a comisaria da Coruña

O Comité para a Prevención da Tortura e das Penas ou Tratos Inhumanos ou Degradantes do Consello de Europa realizou unha visita de dúas semanas ao Reino da España no cadro do seu programa anual de visitas regulares a centros onde hai persoas privadas de liberdade. Entre os visitados foron incluídos dous ubicados na Galiza: o penal de Teixeiro e a escuadra da policía da Coruña.

[Ler máis](#)

A FISCALIA PEDE CINCO ANOS E MEDIO DE CÁRCERE

A xuízo catro policías por torturaren un detido na comisaria de Lonzas

Catro membros da Policía Nacional serán xulgados a próxima semana (terza ou cuarta-feira) na Audiencia Provincial da Coruña por, supostamente, torturar un detido. A Fiscalía, que reclama para cada un deles cinco anos e medio de cárcere e dez anos de inhabilitación, sostén que acometeon "de forma inxustificada e reiterada" á vítima coas súas defensas regulamentarias.

[Ler máis](#)

ESTABA INGRESADO NO HOSPITAL DE PONTEVEDRA

Trasladado ao cárcere da Lama preso en folga de fame desde o 1º de agosto

J.A.P.D., interno no cárcere da Lama, que se encontra en folga de fame desde 1 de agosto en solidariedade co colectivo Nais Contra a Impunidade foi trasladado novamente ao centro penitenciario despois de permanecer ingresado na UAR do Hospital Provincial de Pontevedra debido ao seu delicado estado de saúde, segundo informan asociacións de apoio a persoas pesas.

[Ler máis](#)

A NEGLIXENCIA ULTRAPASA OS ESTÁNDARES DO TOLERÁBEL

Condenan o SERGAS por expor a un risco vital elevado a saúde de paciente

O Servizo Galego de Saúde "expuxo a un risco vital elevado" unha paciente a dilatar a súa gravidez até a semana 32 e obrigala a percorrer 500 quilómetros no seu propio coche para abortar nunha clínica madrileña, sentencia xulgado de 1ª instancia. Debido á complexidade da intervención foi derivada ao Hospital La Paz, perdeu o útero e a posibilidade de ser nai biolóxica de novo.

[Ler máis](#)

SUSPENSIÓN DE ACTIVIDADES E DETENCIÓN DE MILITANTES

O Parlamento Galego debaterá consecuencias da "Operación Jaro"

Un ano despois da suspensión de actividades de Causa Galiza e a detención de 9 militantes, a cámara galega debaterá en breve unha iniciativa do BNG para reclamar o arquivo do proceso e a restauración dos dereitos da organización política. A defensa denunciou "inseguranza xurídica", agravada por vulneración da cadea decustodia en probas e obxectos requisados.

[Ler máis](#)

E UMA HOMENAGEM À COLUNA SANFINS EM LOUSAME

Direitos e liberdades nas XXIV jornadas libertárias de Compostela

Na próxima segunda-feira, 24/10, começarão as XXIV Jornadas Libertárias da CNT de Compostela. Participarão a arqueóloga Sonia Turón, o professor da UAM Carlos Tibo, a investigadora Mercedes Expósito, o pai do preso A.S. Xosé Luís Santos Cabanas e a primeira objetora eleitoral galega Amparo Rodríguez. No domingo será homenageada em busame a Coluna Sanfins.

[Ler máis](#)

DEREITOS DAS PERSOAS TRANS

Reclaman lei galega de identidade de xénero que garanta igualdade plena

Sob o lema 'Despatoloxización: unha lei galega de identidade de Xénero Xa!', a Asociación TransForma Unión Trans, a Asociación de Familias de Menores Trans (Arelas), Ultraia LGTBI, ALAS Coruña e o Comité Antisida demandaron este domingo unha lei galega de identidade de xénero que garanta os dereitos das persoas independentemente da súa diversidade sexual e afectiva.

[Ler máis](#)

LAR DE SAN JOSÉ DAS IRMÁS DA CARIDADE DE VIGO

Denuncian agresións físicas en centro de menores concertado coa Xunta

Nunha sesión pericial cun psicólogo, menores describen situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada por parte das elixiosas e os educadores do Lar de San José das Irmás da Caridade de Vigo. Un vídeo gravado no interior do centro mostra 'o cuarto do saco' onde se castiga aos menores: "É o peor". Varias denuncias anteriores dun pai foron arquivadas.

[Ler máis](#)

QUEIXA DE ESCULCA

Penado en Teixeiro non recibe atención médica adecuada

Con data 30/09 EsCULCA presentou queixa xunto da Defensora do Pueblo sobre a situación do penado JMCS que extingue condena no C.P de Teixeiro. A pesar de ter amputadas ambas as pernas e padecer VHG, JMCS non recibe a atención médica necesaria e vedificultado o desllocamento no interior por causa das numerosas barreiras arquitectónicas que existen no centro.

[Ler máis](#)

NOVEMBRO

CÁTEDRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS

A Igrexa nomeará cargos dunha nova cátedra da USC financiada pola Xunta

A Xunta asina un convenio coa USC e a Catedral polo que deixa en mans da Igrexa o nomeamento ou veto de cargos académicos da nova Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións, financiada con 40.000€ procedentes da Axencia Turismo de Galiza e cuxo primeiro obxectivo é "a difusión dos valores asociados coa peregrinación e inherentes ao Camiño de Santiago".

[Ler máis](#)

SAN JOSÉ DE LAS HERMANAS DE LA CARIDAD DE VIGO

EsCULCA presenta queixa á Valedora por tratos violentos e crueis a menores

O 31 de outubro EsCULCA presentou Queixa xunto da Valedora do Pobo sobre o réxime de vida ao que estarían submetidas as persoas menores de idade en situación de desamparo ingresadas no centro San José - Hijas de la Caridad de Vgo, que asume a xestión do acollemento residencial de menores sob tutela administrativa Consellaría de Política Social da Xunta de Galiza.

[Ler máis](#)

A XUNTA CONTINÚA SEN TOMAR MEDIDAS

Foxen dous menores do Hogar San José que denunciaran malos tratos

Dous menores do Hogar San José de Vigo volveron escapar onte do centro fuxindo polas rúas de Vigo. Por enésima vez. Son dous dos adolescentes que aparecen no vídeo gravado por un psicólogo forense en que tres mozos e tres mozas denuncian vexacións, malos tratos e humillacións constantes no centro, dirixido por relixiosas da Orde da Caridade e concertado coa Xunta.

[Ler máis](#)

HOGAR SAN JOSÉ DE VIGO

Iniciativas parlamentares sobre denuncias de violencia contra menores

As deputadas Noela Blanco (Grupo Socialista), Bula Vázquez, Eva Solla e Magdalena Barahona (Grupo En Marea) e os deputados Abel Losada, Julio Torrado (Grupo Socialista) e Luís Villares (Grupo En Marea) presentaron preguntas ao pleno e á Comisión 5ª (Sanidade, Política Social e Emprego) relativas ás denuncias de malos tratos a menores no Hogar San José de Vigo.

[Ler máis](#)

6 FUNCIONARIOS INVESTIGADOS, ALGUN REINCIDENTE

Abertura de xuízo oral en caso de acusación por tortura grave en Teixeira

O pasado 2 de novembro, o xulgado núm. 3 de Betanzos ditou auto de abertura de xuízo oral no caso de acusación de AP.R. contra seis funcionarios do C.P. de Teixeira por torturas graves o 25/05/2012. A pesar da gravidade da agresión e a contundencia das probas, a Fiscalía limita a acusación a tres destes funcionarios e restrinxe tamén o seu alcance a un delito de lesións.

[Ler máis](#)

ALEGA NON INTROMISIÓN EN ASUNTOS INTERNOS

A Comisión Europea "non está ao par" da ilegalización de Causa Galiza

Vera Jourová, comisaria europea de Xustiza, afirma en resposta á pregunta de BNG e EH Bildu en Bruxelas que son os estados aos que compete garantir o respecto aos dereitos humanos e garantías legais. Lava así as mans en relación ás detencións de 9 independentistas galegos na 'Operación Jao' e a suspensión de actividades de Causa Galiza pola Audiencia Nacional.

[Ler máis](#)

25-26 DE NOVIEMBRE - C.S. A GENTALHA DO PICHEL

Redefinindo a tortura. Xornadas em Compostela

Os próximos días 25 e 26 de Novembro, a Coordinadora para a Prevención e Denuncia da Tortura (CPDT), plataforma formada por case 50 colectivos entre os que se encontra EsCULCA, organiza unhas xornadas nos locais da Gentalha do Pichel (Rúa Santa Clara, 21) que versarán sobre a necesidade de revisar a definición do concepto de tortura segundo as NN.UU.

[Ler máis](#)

EVITAR ABUSOS A PERSOAS SOB CUSTODIA DO ESTADO

AGAMME e EsCULcA reúnense con grupos do Parlamento Galego

O pasado 14/11, representantes da Asociación Galega contra o Maltrato de Menores (AGAMME) e EsCULcA reuníronse con responsables dos grupos parlamentares do BNG, En Marea e PsdG para lles expor as súas demandas en relación coa situación dos centros de menores e outras medidas necesarias para garantir o respecto dos dereitos das persoas sob custodia do estado.

[Ler máis](#)

E A CONHECIDA COMO 'OPERACIÓN JARO'

Palestra na Fundación Artábria sobre a ilegalización de Causa Galiza

A campaña destinada a informar e alentar o rechaço social e político ao proceso de criminalización do Independentismo Galego continua. Neste caso será a Fundación Artábria de Tasancos que acollerá no próximo 3/12 unha palestra e colóquio sobre a Operación Jaro e a ilegalización de Causa Galiza. O ato enquadra-se no relanzamento da campaña en todas as comarcas.

[Ler máis](#)

APOIADA POLA PLATAFORMA "QUE VOLTEM A CASA"

Campaña polo traslado a cárceres na Galiza de pres@s independentistas

Os presos e presas independentistas galeg@s inician unha campaña polo seu traslado a cárceres en Galiza, un paso co que procuran que se poña fin á política de dispersión que lles foi aplicada desde o mesmo momento das súas respectivas detencións. Un dereito recoñecido na propia legislación que lles é negado de maneira sistemática.

[Ler máis](#)

SEN TRABALLO NON PUDO REGULARIZAR A SÚA SITUACIÓN

Expulsado inmigrante despois de 14 anos de arraigo en Compostela

O Foro Galego de Inmigración denuncia que o pasado 26 de novembro, a Policía Nacional de Compostela expulsou un xoven de 19 anos de orixe paraguaia que vivía coa familia na cidade dende había máis de 14 anos, algúns sob tutela da propia Xunta de Galiza. Ao perder a condición de menor tutelado non conseguiu unha oferta de traballo para poder regularizar a súa situación.

[Ler máis](#)

EXPULSA MENORES E REDUCE VISITAS

O centro Hogar San José de Vigo víngase das denuncias por malos tratos

O Hogar San José de Vigo, investigado pola fiscalía de Menores polas numerosas denuncias de malos tratos a menores, expulsou a pasada terça-feira, día 22/11, un dos adolescentes que aparecen no vídeo

gravado por un psicólogo foense dado a coñecer polo xornal Público e que deu pé ao citado expediente. Tamén reduce as horas visitas con pñoxenitores.

[Ler máis](#)

O CARBALLIÑO - 3 DE DECEMBRO - 12:00

Manifestación solidaria con procesado por participar en manifestación pacífica

O próximo 3 de decembro (sábado), às 12:00, a Praza Maior do Carballiño acollerá unha manifestación convocada polas Marchas da Dignidade e outras entidades sociais en solidariedade con Emilio Cao, estudante da vila para quen a Fiscalía pede 5 anos e oito meses de prisión, máis 600€ de multa, por participar nunha mobilización pacífica o 22 de marzo de 2014 en Madrid.

[Ler máis](#)

DECEMBRO

"QUE SE DECATEN QUE XA ESTAMOS FARTOS"

Condenado rapeiro por críticas á presidenta de Galicia Bilingüe nun vídeo

Multa de 120 euros como autor dunha falta de injurias. Esta é a condena imposta pola titular do Xulgado do Penal núm. 3 de Vigo a Lucas C.S., membro do grupo de rap Tinta Rebelde (nome artístico Volk Gz), por editar en decembro de 2014 en Youtube un vídeo cunha canción que contiña imaxes e frases críticas coa presidenta de Galicia Bilingüe, Gloria Lago

[Ler máis](#)

PEDIÁNILLE 3 ANOS DE PRISIÓN E 3.000€ DE MULTA

Xulgado e absolvido sindicalista por supostos feitos de hai 7 anos

Sete anos despois da folga do sector do metal da provincia de Pontevedra continúa a pingueira de procesos xudiciais. Desta volta, a acusación particular da empresa Electricidad EIP, en mans do daquela presidente da patronal Instaelectra, pide 3 anos de cárcere e 3000 € de multa a un afiliado da CIG, acusándoo de vulneración do dereito ao traballo, entre outros supostos delitos.

[Ler máis](#)

FORAN SANCIONADOS SEN PROBAS

Anuladas multas a 4 veciños de Sarria que protestaron contra obras no río

A Subdelegación do Goberno de España en Lugo sancionou 4 veciños de Saria sen probas. É o que di o Xulgado do Contencioso Administrativo 2 de Lugo nunha senteza do 23/11 que anula as multas impostas en marzo de 2014. Os catro veciños tentaban impedir as controvertidas obras de encanamento do río Saria, e foron desaloxadas pola Garda Civil da desaparecida ponte do Toleiro.

[Ler máis](#)

EM VIMIANÇO E ARTEIJO

Vítimas de detención espectacular por inexistente vinculación ao ISIS

Um aparelho policial espectacular deteu dúas persoas na segunda-feira, segundo o Ministerio do Interior madrileño pola súa relación con alegados terroristas do Estado Islámico A.T. e A.R., de orixe argelina e residentes en Arteijo e Vimianço, foron sorprendidos de madrugada na súa morada, e levados a Madrid (600 km de distancia) pola Garda Civil española.

[Ler máis](#)

SERÁ JULGADO O 17 DE XANEIRO

Manifesto em apoio de activista da Assembleia Aberta de Coia

A Assembleia Aberta de Coia promove un manifesto en apoio de Diego Lores, o mozo que será julgado o próximo 17/01 por suposta agresión a un agente municipal hai dous anos no decurso dos protestos vizinhos contra o proxecto de instalar un banco nunha rotunda do barrio. A acusación particular pide 3 anos e medio de cárcere, xunto con unha responsabilidade civil de 30.355,84€.

[Ler máis](#)

O TRIBUNAL CONDENA A SUPOSTA VÍTIMA

Absolvidos policías acusados de torturar e reter home en estado embriaguez

Catro axentes da PN acusados de torturar e reter en 2012 un home ebrio durante 11 horas nunha comisaría da Coruña, sen asistencia médica foron absolvidos pola Audiencia Provincial, que apreciou contradicións na declaración das testemuñas, unha dela falecida durante o xuízo e condenou a vítima polos delitos de resistencia, desobediencia grave e lesións á autoridade.

[Ler máis](#)

RECLAMA ESCULCA Á VALEDORA

Medidas urxentes para esclarecer situación en centro de menores de Vigo

O 16/2016, ás 11:53, EsCULCA enviou escrito á Valedora do Pobo relativo á Queixa presentada o pasado 31/10 sobre os feitos acontecidos supostamente no Centro de Acolida de Menores Hogar San José de

las Hermanas de la Caridad de Vgo. O observatorio demandainformación sobre o actuado e reclama medidas urxentes que eviten a repetición dos graves feitos denunciados.

[Ler máis](#)

Á CONSELLARIA DE POLÍTICA SOCIAL

A Valedora do Pobo reitera demanda de informe sobre centro de menores de Vigo

O 16/12/2016, ás 13:15 horas, Dna. Milagros Maria Otero Parga, Valedora do Pobo, comunicou a ESCULCA que procedía a requerer novamente á Consellaria de Política Social o informe demandado sobre a situación do Centro de Acolida Hogar San José de Vigo, "recordando expresamente que tal envío resulta unha obriga legal (art. 22 da Lei do Valedor do Pobo)."

[Ler máis](#)

CONTRA A XUNTA DE GALIZA

As mortes por Hepatite C que motivaron a denuncia por homicidio

A querela da Fiscalía contra 2 altos cargos da Xunta a que atribúe os delitos de homicidio por imprudencia profesional grave e prevaricación está amada con decenas de documentos, normativa da Consellería de Sanidade e testemuños de médicos que tiveron contacto directo cos pacientes e indaga nas historias clínicas de 6 doentes con hepatite C que moreron en 2014.

[Ler máis](#)

MANTÉN PROCESO CONTRA NOVE MILITANTES

A Audiencia Nacional revoga ilegalización de Causa Galiza

"É un duro golpe ao entramado terrorista" afirmou Santiago Villanueva, delegado do goberno español en Galiza, en outubro de 2015 a raíz da operación policial que detiña 9 militantes de Causa Galiza e levaría a suspender a organización. Trece meses despois da prohibición das súas actividades, Causa Galiza recupera a condición de organización política legal.

[Ler máis](#)

TERÁ LUGAR DE 20 A 22 DE XANEIRO, EM COMPOSTELA

ESCULCA: curso gratuito em segurança e privacidade digital para activistas

Em ESCULCA consideramos que non é possível exercer as liberdades civís e políticas quando a actividade militante e a expresión dissidente son sistematicamente vigiadas, registadas e controladas polo poder. Observamos con preocupación crescente como o Estado Español intensifica e afina o leque de medidas repressivas e de control destinadas a intervir no mundo digital.

[Ler máis](#)

ESCOLCA